



A ASEMBLEA DE MULLERES DO STEG SÚMASE Á CELEBRACIÓN DA ACCIÓN MUNDIAL POLA DESPENALIZACIÓN DO ABORTO E REIVINDICA O ABORTO LIBRE, SEGURO E GRATUITO

Hoxe 28 de setembro, Día de Acción Global pola Despenalización do Aborto, seguimos reivindicando un Aborto libre, seguro e gratuíto para todas as mulleres.

Seis países do mundo prohiben a interrupción do embarazo baixo calquera circunstancia: Cidade do Vaticano, O Salvador, Malta, Nicaragua, Honduras e República Dominicana. Tan só o **0.4 por cento dos países do mundo consideran o aborto como un delito**. Está prohibido en calquera situación e por iso aplícanse sancións a quen o facilite e, con frecuencia, á muller que se somete ao mesmo. Este ano Chile saíu deste grupo de países que consideran o aborto coma algo punible. Un avance importante á despenalización do aborto en Chile, aínda que só se permita no caso de que a vida da nai estea en perigo, inviabilidade fetal e violación. É un feito histórico que acaba co que ditaminou a ditadura de Augusto Pinochet: non podería executarse ningunha acción cuxo fin fora provocar un aborto.

Pero a pesar dunha porcentaxe tan baixa de países que penalizan o aborto, o que si que ocorre en moitos deles é que o dereito ao aborto aplícase d e **xeito restritivo**, nunha serie de **supostos**: risco da vida da nai, inviabilidade do feto, violación... ou **prazos**, é dicir, restrinxen a liberdade de elección das mulleres.

Nos últimos anos, coa aparición da mal chamada crise, en moitos países aproveitouse para **usurpar dereitos ás mulleres**. Un dereito que parece que teñen moitas ganas de quitarnos é o dereito ao aborto libre, seguro e gratuíto. En anos anteriores no Estado español houbo un intento de restrinxir o dereito ao aborto, que levou a miles de persoas á rúa para esixir a retirada dese proxecto de lei. A posterior **modificación da Lei Orgánica 2/2010**, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva, anulou o dereito ao aborto sen o consentimento paterno/materno de mulleres de 16 a 18 anos.

En Polonia, que xa de seu ten unha lei moi restritiva, de novo a mobilización das feministas e da cidadanía conseguiu frear un intento de eliminar a lei que permite abortar nuns poucos supostos. É significativo observar que os países máis restritivos son aqueles en os que a relixión ten un



A ASEMBLEA DE MULLERES DO STEG SÚMASE Á CELEBRACIÓN DA ACCIÓN MUNDIAL POLA DESPENALIZACIÓN DO ABORTO E REIVINDICA O ABORTO LIBRE, SEGURO E GRATUITO

peso importante nas decisións sociais e políticas e é considerada como apologista e legitimadora moral desta teoría socio-económica.

O dereito das mulleres para controlar a nosa maternidade, debe estar presente nunha sociedade xusta, un sociedade que garanta que se exerza en condicións desexables e desexadas e considera ás mulleres como responsables e donas das súas vidas e os seus corpos.

O patriarcado ten uns tentáculos moi longos e estase rearmando para arrebatarnos dereitos que considerabamos consolidados. Ante os ataques por controlar ás mulleres e restrixir os nosos dereitos e liberdades, debemos estar alertas e aliarnos unhas con outras, porque xuntas somos máis fortes.

Desde a A Asamblea de mulleres do STEG, avogamos por unha despenalización do aborto e hoxe máis que nunca.

Este 28 de setembro estaremos nas rúas, defendendo o noso dereito e o de todas as mulleres a un "ABORTO LIBRE, SEGURO E GRATUÍTO, AS MULLERES DECIDIMOS"

Asamblea de Mulleres do STEG

Organización de Mujeres de la Confederación Intersindical

28 de septiembre de 2017